

Praza do Concello, s/n
Teléfono 981 70 41 00
15100 CARBALLO
A Coruña



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ASOCIACIÓN CULTURAL REBELDÍA E O CONCELLO DE CARBALLO PARA A REALIZACIÓN DO FESTIVAL SEREAS E PIRATAS NO MES DE XULLO 2016

En Carballo, 6 de xullo de 2016

REUNIDOS

Dunha parte Evencio Ferrero Rodríguez, en calidade de Alcalde – Presidente actuando en nome e representación do Concello de Carballo,

Doutra parte D. José Antonio Deus Antelo con D.N.I. , endereço en Rúa en calidade de Presidente da Asociación Cultural Rebeldía, C.I.F. nº G/0024245, e inscrita no rexistro provincial de asociacións co nº 2006/009453-1 (AC).

Ambas as partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

EXPOÑEN

Que o Concello de Carballo ten entre as súas finalidades a de ofrecer un programa cultural variado que satisfaga os intereses de públicos diversos así como enriquecer o tempo libre dos cidadáns, contribuír á difusión da música e colaborar coas diferentes entidades culturais en Carballo facilitándolle recursos que melloren as súas actividades.

Que a Asociación Cultural Rebeldía ten entre as súas finalidades a promoción de actividades que teñan como fin último a difusión da música entre os veciños da comarca de Bergantiños, e contribuír á dinamización sociocomunitaria. Para cumplir con estas finalidades ven organizando concertos de rock e, en particular o Festival Sereas e Piratas que este ano celebra a súa undécima edición.

En consecuencia, e sendo de interese para o Concello de Carballo a realización do Festival de Rock Sereas e Piratas que a Asociación Cultural Rebeldía ven desenvolvendo e, en cumprimento das competencias que o Concello de Carballo ten na promoción da cultura e da ocupación do tempo libre, conforme se estipula no artigo 25.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, dado o interese común das partes asinantes, é polo que se asina o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Finalidade

A finalidade deste Convenio é promocionar a realización de actividades musicais achegando a música rock e pop aos cidadáns de Carballo e da comarca, e

promocionar eventos que enriquezan a oferta cultural e de lecer do municipio e atraian visitantes ao mesmo.

Segunda.- Obxecto.

Apoiar e subvencionar o XI Festival Sereas e Piratas que organiza a A. C. Rebeldía, o día 23 de xullo de 2016 na Praia de Razo, en Carballo, e que ten como obxectivo potenciar o uso cultural da Praia de Razo convertíndo-a nun referente dos concertos de verán fusionando a música coas actividades deportivas.

O Festival está organizado pola A. C. Rebeldía e segundo consta na memoria presentada pola asociación (rexistro de entrada do 17/06/2016), na que constan os obxectivos do programa, nome da actividade, ámbito de actuación, data e lugar de celebración, breve descripción da actividade e programa previsto, destinatarios e número de participantes previsto, outras entidades que colaboran e presupuesto desglosado de gastos e ingresos, conta cun presuposto de gastos de 32.000 € (Producción 5.000 €, Infraestrutura 5.000 €, Bandas 17.000 €, outros (permisos, seguridade, aloxamento...) 3.000 €, Marketing 2.000 €) e un presuposto de ingresos de 30.800 €.

Segundo consta na dita solicitude presentada pola A. C. Rebeldía o programa previsto é o seguinte:

- Actividades deportivas como a surf, skate, volei-praia, obradoiros para os máis pequenos, sesión vermut e mercadillo de surf.
- Actuación dos grupos Pablo Und Destruktion, The Wave Pictures, Juventud Juché, Bifannah ou Night Boys conforman a programación desta edición.

Terceira.- Obrigas da Asociación Cultural Rebeldía

A Asociación Cultural Rebeldía comprométese a organizar e levar a cabo a XI edición do Festival Sereas e Piratas de acordo co programa que se recolle neste convenio.

Se debido a algúin imprevisto se produciría algúin cambio significativo no programa, a Asociación Cultural Rebeldía deberá comunicarilo ao Concello de Carballo coa maior inmediatez posible e este deberá autorizar o dito cambio.

A Asociación Cultural Rebeldía deberá contar cos permisos e autorizacións precisos para a celebración da actividade, o uso dos terreos ou espazos onde se celebran as actividades, así como da documentación necesaria para a instalación das infraestruturas. No caso de que se ocupe o vía pública deberá presentarse unha solicitude específica. En calquera caso o interesado deberá garantir os accesos a garaxes e negocios afectados así como a posibles emergencias.

A Asociación Cultural Rebeldía deberá solicitar permiso para a celebración do Festival aportando a documentación precisa e, en todo caso,

- Copia do Seguro de Responsabilidade Civil
- Declaración de conformidade do fabricante CE ou documentación análoga acreditando o estado das infraestruturas utilizadas (escenario, carpas...)
- Boletín asinado polo técnico competente da instalación eléctrica
- Declaración de conformidade do fabricante CE do xerador eléctrico.

Praza do Concello, s/n
Teléfono 981 70 41 00
15100 CARBALLO
A Coruña



A Asociación Cultural Rebeldía colaborará no seguimento ou solicitude de información que realice o Concello e comunicará calquera outra subvención que soliciten ou se lles conceda para a mesma finalidade.

A Asociación Cultural Rebeldía fará constar nos materiais de difusión e publicidade que xere esta actividade o financiamento do Concello de Carballo, acompañada se procede, do logotipo correspondente, nun lugar e tamaño destacado con respecto a outros posibles colaboradores. No caso de que se realice, o material gráfico correspondente á publicidade da actividade (carteis, revistas,...) estará redactada en galego.

A Asociación Cultural Rebeldía deberá presentar a xustificación da actividade subvencionada nos prazos e condicións na cláusula sexta.

A Asociación Cultural Rebeldía deberá estar ao corrente nas súas obrigas co Concello de Carballo, a Seguridade Social e Axencia Tributaria.

A Asociación Cultural Rebeldía deberá someterse ás actuacións de comprobación do Concello e ás de control financiero que corresponde á Intervención Municipal, así como facilitar toda a información que lle sexa requerida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

A Asociación Cultural Rebeldía deberá asumir todas as responsabilidades legais e civís das actividades que realizan.

Cuarta.- Compromisos do Concello de Carballo

O Concello de Carballo aboará a Asociación Cultural Rebeldía a cantidad de catro mil cincocentos euros (4.500 €) para a realización do Festival Sereas e Piratas 2016. Este gasto irá con cargo á aplicación presupostaria 3340.489001 coa denominación "Subvencións actividades culturais nominativas" (retención de crédito número 201600019578 de 29/06/16).

O pago realizarase mediante transferencia bancaria unha vez realizada a actividade e xustificada de acordo co que se establece neste Convenio.

Esta aportación económica terá o carácter de subvención nominativa (subvencións directas de carácter excepcional) tal e como ven prevista na base vixésimo séptima de execución do Orzamento do Concello de Carballo para 2016.

Así mesmo, o Concello de Carballo colaborará coa Asociación Cultural Rebeldía co préstamo e montaxe das infraestruturas das que dispón o Concello precisas para a realización das actividades (escenario, vallas, contenedores,...).

A A.C. Rebeldía tamén solicita a colaboración da Policia Local e Protección Civil.

Quinta.- Constituirase unha comisión mixta de seguimento da execución do Convenio formada polo Concelleiro de Cultura e o Presidente da Asociación Cultural Rebeldía.

O Concello de Carballo resérvase o dereito de orientar tecnicamente as actividades, comprobar os datos económicos e a inversión da cantidad económica outorgada así

como a efectiva realización delas, e a extender e dar a coñecer públicamente a actividade subvencionada.

Sexta.- Xustificación.

1.- A Asociación Cultural Rebeldía está obrigada a presentar a xustificación da actividade realizada de acordo coa seguinte documentación:

- Declaración da realización do programa de actividades obxecto do Convenio e memoria das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Facturas orixinais ou fotocopias debidamente compulsadas dos gastos correspondentes á actividade obxecto do convenio por un importe igual ou superior a 4.500€.
- Serán gastos subvencionables os vencellados directamente coa realización do Festival Sereas e Piratas 2016, e respecten os límites da normativa aplicable.
- Relación detallada e clasificada de gastos e ingresos do XI Festival Sereas e Piratas, con identificación do acreedor e documento, importe, data de emisión e indicación das desviacións respecto do orzamento presentado na solicitude.
- Relación detallada das subvencións ou axudas obtidas das Administracións Públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto indicando o seu importe e procedencia, ou ben, declaración de non ter outras axudas ou subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto. O importe das axudas recibidas e os ingresos obtidos non poderán superar o custe total da actividade ou proxecto que se quere desenvolver.
- Documentos que demostren a realización da actividade, como noticias de prensa, fotografías, trípticos, carteis... no caso de que non fora posible aportar algún destes documentos explicarase o motivo.
- Copia dos documentos ou elementos empregados para a difusión da actividade (folletos, carteis, cartas ou outro material de difusión) nos que conste a colaboracion do Concello de Carballo.
- Declaración xurada conforme se está ao corrente das obrigas tributarias coa Seguridade Social. O Concello de Carballo achegará de oficio as certificacións que acrediten que a entidade solicitante está ao corrente das súas obrigas tributarias co Concello e coa Axencia Tributaria.
- Declaración de non estar incuso en causas de incompatibilidade ou incapacidade para contratar e percibir subvencións da Administración Pública.

2.- Prazo de presentación da documentación xustificativa.

O beneficiario da subvención deberá presentar a xustificación da actividade subvencionada antes do 1 de setembro de 2016.

Finalizado o prazo sen que a entidade presentase a documentación xustificativa do cumprimento do obxecto do convenio, o departamento de Cultura requiriralle para que no prazo improrrogable de dez días, presente a xustificación correspondente. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional conllevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas na Lei Xeral de subvencións.

Sétima.- Vixencia.

O presente Convenio limitarase a organización e desenvolvemento do Festival Sereas e Piratas 2016.

Praza do Concello, s/n
Teléfono 981 70 41 00
15100 CARBALLO
A Coruña



A expiración do prazo sinalado será causa de vencimento do Convenio, sen posibilidade de prórroga expresa ou tácita algúna.

Oitava.- Resolución.

Será causa de resolución o incumprimento de calquera das obrigacións enumeradas no presente convenio determinará o vencimento do mesmo, quedando sen efecto algúns e extinguídas polo tanto as obrigas asumidas por cada unha das partes.

O incumprimento de calquera das cláusulas deste convenio constituirá causa suficiente de rescisión deste, e así mesmo procederá o reintegro da subvención polas causas previstas no artigo 37 da Lei Xeral de Subvencións.

Novena.- Natureza, resolución de conflictos e normativa aplicable.

O presente Convenio ten natureza administrativa e queda excluído do ámbito de aplicación da Lei de Contratos do Sector Público, de conformidade co disposto no art. 4.1 do Real decreto lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos do sector público.


As discrepancias que xurdan pola súa aplicación serán resoltas, pola Alcaldía do Concello de Carballo, quedando as partes suxeitas á xurisdicción contencioso-administrativa nos tribunais con xurisdicción no municipio de Carballo para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir na súa aplicación.

Para todo aquello non previsto expresamente nas presentes bases aplicarase:

- Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvencións.
- R.D. 887/2006 polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Lei 9/2007, de 2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Carballo.

En proba de conformidade e aceptación, as partes arriba sinaladas, firman o presente acordo, por triplicado, quedando un exemplar en poder de cada unha das partes, no lugar e data indicados no encabezamento.

O ALCALDE,


Evencio Ferrero Rodríguez

O PRESIDENTE DA A.C. REBELDÍA


José Antonio Deus Antelo

